

## EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### IES R. MENÉNDEZ PIDAL CURSO 2018-2019

O obxectivo fundamental deste programa de dinamización é facerlles ver ao noso alumnado, maiormente castelán falante, que o galego non é só unha materia senón tamén unha lingua práctica con presenza na nosa sociedade pese a estudos recentes onde se constata o abandono da transmisión xeracional da nosa lingua, coa conseguinte perda de galego falantes, sobre todo nas grandes cidades, como ocorre co noso centro.

Por outra banda, cómpre concienciar aos alumnos dos prexuízos lingüísticos aínda existentes na nosa sociedade.

Desta maneira, coas actividades propostas polo equipo de normalización, procuramos sensibilizar ao alumnado da súa propia importancia como falantes na recuperación da lingua a tódolos niveis.

A continuación expoñemos as actividades que se levarán a cabo de xeito trimestral.

#### 1º TRIMESTRE:

- Revisión dos Plans de Normalización Lingüística existentes no centro.
- Tradución á nosa lingua dos menús escolares.
- Actividades referidas ó Samaín: dando a coñecer a súa orixe, costumes... en colaboración coa Biblioteca e co departamento de lingua e literatura Galega.
- Día da Ciencia en Galego. Organízase tódolos anos en novembro. Actividade programada conxuntamente cos departamentos de Física e Química, Tecnoloxía, Plástica e Ciencias. Obxectivo: visibilizar o galego en calquera materia, sobre todo, na área científica.
- Participación en todo tipo de eventos onde o alumnado poida mellorar a súa competencia lingüística, como por exemplo no certame organizado polo Concello, chamado “Monólogos cómicos en Galego”. En colaboración coa biblioteca e os departamentos de lingua do centro. Realizarase a finais de decembro.

#### 2º TRIMESTRE:

- 24 de febreiro: celebración do día de Rosalía, conxuntamente cos departamentos de lingua.
- Semana do 11 ao 15 de marzo: semana da Prensa. Botando man das publicacións en galego, traballaremos nas aulas diferentes noticias.
- Participación nos debates do Parlamento Xove, actividade esencial para o noso alumnado, onde colabora o departamento de Filosofía e o profesorado dos departamentos de lingua do centro.

#### 3º TRIMESTRE:

- Participación activa no Correlingua: concurso de banda deseñada, grupos musicais, manifesto, pancartas...
- Actividades realizadas co gallo do Día das Letras Galegas: exposicións, conferencias, lecturas... para dar a coñecer a figura de Antón Fraguas, autor homenaxeado deste ano.

A esta listaxe, engadiremos outras actividades que vaian surxindo a medida que avance o curso: saídas ao teatro, actividades do Entroido, os maios...